

O xornal da Terra de Melide

Nº 80. Setembro 2012. Distribución gratuíta

Preocupación no comercio polos efectos da suba do IVA

EMPRESA

Tres meses de descontos coa nova campaña lanzada por Asetem-Cca P5

COMARCA

Entrevista co BNG de Sobrado na derradeira entrega de "Fala a oposición" P14

CULTURA


Os hostaleiros da zona vella opinan na véspera do San Caralampio P16

ENTREVISTA



Secundino Rodríguez, Cousas Novas P23

Pequenos empresarios e autónomos de Melide temen que o incremento do IVA poña en risco a viabilidade do seus negocios. Unha ampla maioría do comercio local rexeita a medida, que considera "inadecuada" nun momento no que o consumo está en horas baixas. Propietarios de perruquerías, librerías e tendas de alimentación e roupa expresan no Cerne a súa inquietude sobre unha suba cuxos efectos están por descubrir. P3



Melide debuta nun campo de traballo internacional




Voluntarios de nove países diferentes promocionan a vila ante os peregrinos no marco do primeiro campo de traballo internacional que acolle o municipio. P19

O Rali de Galicia sairá este ano da Praza do Obradoiro



Os días 21 e 22 de setembro celebrárase a cuarta edición deste campionato que converte cada ano a Terra de Melide no epicentro do mundo do motor. P20



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Máis IVE, menos comercio

A tan temida suba do IVE xa é unha realidade. Sen tempo aínda para constatar os seus efectos, de momento todo son cifras e estimacións, uns cálculos nos que o sector do comercio e o empresariado en xeral parece ter moito que perder.

A dedución semella lóxica: cunha subida do IVE os salarios fanse máis baixos, as pensións máis xustas e as prestacións por desemprego máis pequenas. Perdemos, en definitiva, poder adquisitivo. Se temos menos, compramos menos. Se non compramos, o consumo cae. Se o consumo cae, as empresas non ganan. Se as empresas non ganan, destrúen emprego. Se a xente non traballa, non compra. E volta a empezar. Iso si, cando empeceamos de novo moitos negocios e familias xa terán quedado polo camiño.

Nun momento de vacas fracas para as arcas do Estado, o que se precisa son medidas que estimulen a actividade para xerar ingresos e non reformas que a lastren. De feito, unha caída no consumo pode facer que o incremento de ingresos previsto soa suba do IVE se vexa reducido, minimizado ou, no peor dos casos, anulado. Polo de agora esas cifras estimadas que nos orientan namentres non constatemos os efectos reais, indican que o incremento deste

Propietario de un pequeno comercio suicidándose tras la subida del IVA al 21%



impuesto chegará á caixa estatal 7.500 millóns de euros, uns 2.500 menos dos que estimaba inicialmente o goberno. A historia volverase a repetir, xa que logo, tendo en conta que o incremento do IVE de hai dous anos fixo ingresar 3.600 millóns de euros cando se agardaba recadar 5.000. Chove sobre mollado.

Outro dos efectos perversos que pode ter o incremento deste gravame é que fomenta a economía sumerxida. Ante unha medida que os prexudica e que os afoga, empresarios, autónomos e consumidores poden perder a conciencia social, especialmente cando ven que se aproban amnistías fiscais que benefician aos grandes defraudadores. En realidade, máis efectivo que a suba do IVE sería loitar contra

esa economía sumerxida, que supón segundo estimacións arredor do 23% do PIB. Reducila en 10 puntos e facer que paguen os que actualmente non cumpren a lei aportaríalle 38.000 millóns de euros ao ano ao estado.

Son cifras, frías e distantes, pero os efectos desta realidade aínda non constatable chegarán a todos os recunchos, incluído o tecido comercial melidense, que xa manifestou a súa indignación e preocupación por unha medida que pode poñer en xaque o principal motor da economía local. De confirmárense as previsións, a suba do IVE será máis paro e recesión. Menos investimento, recuperación, aforro, oportunidades, actividade e consumo. Menos comercio. Tempo pasar e cousas ver.

Tribuna de opinión

Ambulantes ilegais

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Se hai algo do que se sente orgulloso o comercio melidense, iso é o mercado dos domingos, unha mostra do seu dinamismo e puxanza que todas as semanas trae á vila a centos de persoas. O mercado é tamén unha marca de identidade de Melide, un aspecto diferencial que converte a vila nunha das poucas en Galicia onde se pode mercar nunha xornada dominical coa mesma facilidade ca no resto de días.

A feira de Melide, como tamén se coñece, supón para moitos comercios o día de mellor recadación da semana e actúa como un auténtico revulsivo para a economía local. É por iso que os comerciantes están dispostos a continuar con esta antiga costume e por iso tamén lle dan a benvida ao resto de profesionais que aco-

den cos seus postos semana tras semana e enchen de vida e de produtos variados para vender as principais rúas da vila. Todos saen beneficiados.

Non obstante, nos últimos tempos volve ser obxecto de preocupación a venda ambulante ilegal, un fenómeno que estaba relativamente controlado e que agroma de novo. Persoas que non cumpren os requisitos legais nin fiscais necesarios, que cometen unha fraude pública, que son competencia desleal e que venden produtos falsificados sen ningún tipo de garantía. Iso non representa ao comercio melidense, e na medida en que se trata dunha práctica delitiva que prexudica aos negocios da vila, correspóndelle á administración local tomar cartas no asunto e poñerlle freo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	16
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Rechazo xeneralizado do comercio melidense a unha subida do IVE que cualifica de “hachazo”

Os empresarios din que causará unha baixada no consumo e o peche de locais

A suba do IVE, que xa é unha realidade dende o pasado 1 de setembro, foi recibida con preocupación polo tecido comercial melidense. Pequenos empresarios e autónomos amosan o seu total rexeitamento a unha medida que agravará a xa precaria situación que atravesan moitos negocios por mor da crise. Cren que a suba do IVE é “inadeuada” nun momento no que o consumo está en caída libre e consideran que, lonxe de facer que remonte, contribuirá a botalo por terra, poñendo contra as cordas a viabilidade das súas empresas. Algunhas voces van máis alá e auguran que a curto prazo máis dun negocio da vila non terá outro remedio ca botar o peche.

A indignación é xeneralizada na maioría dos sectores. Entre os máis afectados está o das perruquerías, onde o tipo impositivo pasou do 8% ao 21%. Dende Santín & Amo perruqueiros, Sabela Santín fai súas as queixas manifestadas polas principais asociacións do gremio e considera que unha suba de 13 puntos no imposto supón un “hachazo” que deixa o sector “ferido de morte”. Nunha liña semellante se expresa Carlos Gómez, de Peluquería Gómez-Andón,

quen cre que se traslada o incremento do IVE aos clientes “vai vir menos xente”. É por iso que, de momento, decidiu asumir a suba e non elevar os prezos: “aínda que só suba dous euros por servizo, a clientela vaino pensar máis e se viña unha vez á semana, virá unha vez ao mes”, explica.

Pola contra, dende o sector da alimentación Teresa Torreiro, de Super Vilasoa, sinala que “se eu pago o IVE non me queda máis remedio ca poñerllo aos produtos”. Cre que a suba afectará “sobre todo” aos pequenos negocios e expresa a súa preocupación polo futuro: “o cliente levará o necesario, nada máis. Se a marxe de beneficio xa era pouca por culpa da crise, agora será peor”. Máis optimista se amosa Mónica Segade, que rexenta M&M Moda, un comercio de roupa. Malia considerar que “algo afectará” ao consumo, asegura ter a esperanza de que “non haxa un parón e a xente siga mercando como ata agora”. Non obstante, considera que a nova medida “obriga” a subir os prezos, algo que fará “con toda a mercancía nova que me vaia entrando”.

Algo semellante farán en Librería Victorio, que non subirá os prezos ata novembro “porque xa temos todas as compras feitas”. De aí en adiante adecuaranse a “unha decisión política que non gusta a ninguén”. Con todo, o seu propietario, con moitos anos de profesión ao lombo, confía nun futuro mellor e lanza unha mensaxe optimista: “xa vivín épocas peores”.

ASÍ QUEDAN AS LEIS DO IVE E DO IRPF

1. Modificacións na lei do IVE

• Imposto sobre o valor engadido (IVE)

.-Mantense o tipo superreducido no 4%. Elévase o tipo reducido do 8% ó 10%. Elévase o tipo xeral do 18% ó 21%.

.-Determinados bens e servizos que tributaban ó tipo reducido do 8%, pasan ó tipo xeral do 21%. Algúns deles son os seguintes: servizos mixtos de hostalería (hostalería +servizo recreativo), espectáculos, discotecas, salas de festa, barbacoas ou análogos; servizos funerarios; asistencia sanitaria dental e curas termiais que non gocen de exención; servizos de perruquería; servizos de radiodifusión e televisión dixital; entrada a teatros, circos e demais espectáculos, parques de atraccións, zoolóxicos, exposicións, visitas a monumentos e parques naturais; servizos prestados por artistas; flores e plantas vivas de carácter ornamental, importación de obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección.

.-Notas aclaratorias:

a) Mantéñense ao tipo reducido do 10% os servizos de hostalería, acampada e balneario, restaurantes e, en xeral, o subministro de comidas e bebidas para consumir no acto, incluso se se confeccionan previo encargo. Tamén se mantén o 10% no servizo de hostalería con actuación musical contratado para vodas, bautizos e eventos similares.

b) Seguirán tributando ao 4% libros de texto e literatura, álbumes, partituras, mapas e cadernos de debuxo. Pasarán a tributar o 21%, segundo a nova redacción da lei, os “obxectos, que polas súas características, só se poidan utilizar como material escolar”; referíndose a mochilas, cadernos, e outro material escolar no que expresamente figuraba a consigna “material escolar”.

c) Mantense ata o 31/12/2012 ao 4%, o tipo impositivo aplicable á entrega de edifi-

cios ou partes dos mesmos aptos para a súa utilización como vivendas, incluídas as prazas de garaxe, con un máximo de 2 unidades e anexos situados nos mesmos, que se transmitan conxuntamente coa vivenda.

• Compensación a tanto alzado do réxime especial de agricultura, gandería e pesca

.-Pasan do 10% ó 12,5%, as entregas de produtos naturais obtidos nas explotacións agrícolas ou forestais e os servizos accesorios de ditas explotacións.

.-Pasan do 8,5% ó 10,5%, as entregas de produtos naturais obtidos nas explotacións gandeiras e pesqueiras e servizos de carácter accesorio destas.

• Recargo de equivalencia

.- Pasan do 1% ó 1,4%, para as entregas de bens ós que sexa aplicable o tipo reducido do 10% de IVE.

.- Pasan do 4% ó 5,2%, para as entregas de bens ós que lle sexa aplicable o tipo xeral do 21% de IVE.

2. Modificacións na lei do IRPF

.-Elévase do 15% ó 19% porcentaxe de retención e ingreso a conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito a súa explotación; así como os derivados de rendementos de actividades profesionais. Este último será do 9% durante os 3 primeiros exercicios do profesional.

.-Non obstante, nos períodos 2012 e 2013, nos rendementos satisfeitos ou aboados a partir do 01/09/2012, a porcentaxe de retención será do 21%.

Información facilitada por CC XESTIÓN, Telf: 881 973 307
R/ Florentino López Cuevillas, 2-baixo



Villamor.s.c
www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo
gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Telf. y fax: 981 818 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/ Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES

hasta el

**TU SEGURO DE VIDA, HOGAR
Y ACCIDENTES**

A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

25%
descuento

EMPRENDEDORES EN MELIDE

MARTA GARCÍA SALGADO, ACADEMIA DE ENSINO “O PEQUENO BESBELLO”

“Traballamos con grupos pequenos e adaptamos a ensinanza a cada persoa”

-Que tipo de ensinanza ofrecen na súa academia?

-Intentamos abarcar todas as asignaturas, centrándonos sobre todo nos idiomas, porque pensamos que é algo no que Melide estaba un pouco máis frouxo. Podías atopar clases de inglés pero non ao mellor de alemán, de holandés, de italiano, de portugués... nós impartimos todas esas linguas e tamén intentamos abarcar o resto de materias de ciencias e letras, tanto para os rapaces do instituto como para os máis pequenos.

-Como é o seu método de traballo?

-Traballamos con grupos moi pequenos. De feito, poderíamos chamarlle titorías máis ca grupos de clases particulares. Nós temos un máximo

de 3 ou 4 alumnos por aula para que a ensinanza sexa individualizada. Cada neno é un mundo e se tes a 20 nunha clase non podes atendelos no reforzo, que é no que máis nos centramos. As nosas clases non só van destinadas a aprobar ou para aqueles rapaces que están suspendendo, senón que pretendemos axudalos a superarse. Incluso aqueles que van comodamente no instituto poden acudir a subir nivel para o día de mañá. En todo caso, cremos que a ensinanza individualizada é a única fórmula que funciona, sobre todo nos idiomas.

-Como se desenvolven as clases de idiomas?

-Son clases individuais con profesores nativos. A vantaxe de ter grupos pequenos é que

podes saber mellor cales son os puntos fortes de cada alumno e aqueles que necesita reforzar; adaptamos a ensinanza ao que cada persoa necesita. O idioma require constancia e os resultados son lentos, por iso é moi importante continuar practicando. Nós temos xente que ten un nivel moi alto en inglés e que vén simplemente pois a unha hora de conversa á semana ou a unha hora de reforzo de gramática para non deixalo esquecido.

-Os alumnos poden escoller horarios ?

- Os horarios pactámolos con cada persoa e intentamos modificalos na medida en que podemos. Por exemplo, cando son nenos pequenos pode haber grupos que ás veces non funcionan na mesma clase e



Unha das aulas da academia “O Pequeno Besbello”

entón pedímoslles aos pais que nos deixen modificar os horarios para ter un resultado mellor. Nas persoas adultas intentamos axustarnos ao seu horario laboral. Cobramos por hora recibida. Se o cliente non pode vir algún día e avisa cunha hora de antelación, esa clase non lla cobramos.

-Por que decidiu montar esta academia en Melide?

-Eu estiven moitos anos traballando en The Academy, a academia que había na estrada de Toques. Cando pechou decidín recoller os alumnos nun novo centro. Levamos poucos meses traballando pero con bos resultados.

CLASES PARTICULARES OU A DOMICILIO



- TODAS AS MATERIAS
- TODOS OS NIVEIS
- GRUPOS REDUCIDOS
- AMPLITUDE DE HORARIOS

INGLÉS: DESDE OS 3 ANOS.
CON PROFESORADO NATIVO

CIENCIAS: BIOLOXÍA, ECONOMÍA, MATEMÁTICAS, FÍSICA, QUÍMICA, DEBUXO...

LETRAS: GALEGO, CASTELÁN, LATÍN, HISTORIA, FILOSOFÍA, SOCIAIS...

IDIOMAS: FRANCÉS, PORTUGUÉS, INGLÉS, ALEMÁN, HOLANDÉS CON NATIVO.

TELÉFONOS: 981 50 52 52
609 12 15 54
RÚA SAN ANTONIO - MELIDE

Tres meses de descontos no comercio de Melide coa nova campaña lanzada por Asetem-Cca

Xa está en marcha a campaña “Aforra co bono Asetem”, a última iniciativa da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) que durante os próximos tres meses repartirá máis de 2.700 euros en vales-desconto entre os consumidores do comercio local.

O cliente que atope entre as páxinas deste xornal un vale coma o que figura na fotografía da marxe dereita está de noraboa; é o Bono Asetem, que lle permitirá beneficiarse dunha rebaixa de 6 euros cando realice unha compra superior a 30 en calquera dos establecementos asociados a Asetem-Cca. Para obter o desconto abondará con presentar o vale no momento de mercar. O Bono Asetem terá validez entre o 4 de setembro e o 31 de novembro, que son as datas de inicio e remate da campaña. Durante ese tempo o cliente terá a posibilidade de escoller entre arredor de 140 establecementos diferentes para consumir o seu vale-desconto; un



amplo abano de comercios e empresas que figuran no reverso do propio bono e tamén na seguinte páxina (número 6) deste periódico.

O cliente poderá acumular bonos, pero neste caso o desconto nunca superará o 10% do valor da compra. Isto é: se por exemplo merca un produto que custa 200 euros, a rebaixa a rebaixa que se aplicará non poderá ser superior a 20, aínda que o cliente teña catro, cinco ou máis bonos. Nesta primeira quenda a

patronal melidense repartiu de forma aleatoria a través do xornal Cerne 150 bonos Asetem, que suman un total de 900 euros en descontos para os consumidores. Nos vindeiros meses de outubro e novembro repartiranse outros 300, de xeito que ao remate da campaña, “Aforra co Bono Asetem” permitirá aplicar descontos por un valor total de 2.700 euros.

Beneficio para todos
Asetem-Cca quixo desta volta

deseñar unha campaña de dinamización comercial que comprendese a todos os establecementos asociados que a integran. É por iso que a iniciativa se abriu á participación de negocios de moi diferente natureza co obxectivo de que “Aforra co Bono Asetem” teña a máxima repercusión no tecido comercial melidense. A directiva da patronal melidense confía en que a campaña contribúa a fomentar o consumo nunha época na que as vendas diminúen debido á marcha dos visitantes do verán, a menor afluencia de turistas e a fin das rebaixas.

Os comerciantes e empresarios que se sumaron á campaña deberán entregar na oficina de Asetem os bonos que reciban para recuperar parte do desconto que lle aplicaron ao cliente. Recuperarán 4 euros por cada vale. Os dous restantes deberán asumilos por conta propia. O comerciante poderá canxear o bono ata o 31 de decembro.

Setembro, un mes clave para o prezo do leite

O próximo 6 de setembro está prevista unha reunión entre o Ministerio de Agricultura e os responsables das empresas de distribución alimentaria da que podería xurdir unha saída para a crise que viven os produtores de leite. Agárdase que tralo encontro as empresas que xestionan as superficies comerciais decidan subir os prezos que o cartón de leite ten nos supermercados, algo que, previsiblemente, repercutiría nas cotizacións do produto en orixe.

Na actualidade o leite é usado como produto reclamo nos grandes puntos de venda, o que contribúe a baixar de forma artificial o seu prezo e fai que os gandeiros non poidan nin cubrir os custos de produción. A crise do leite afecta a 534 explotacións dos concellos da Terra de Melide e arredores, que producen 62.611 toneladas de leite ao ano. Representan o 3% da produción leiteira de Galicia.

Cita a cegas na Coruña para atoparlle o mozo ideal ás hortas da comarca

Ninguén nega que dun idilio pode saír un bo negocio. Mesmo se hai verduras polo medio. Consciente diso, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandoe (GDR-UTM) poñerá en marcha unha iniciativa innovadora e pioneira para que os clientes se “namoren” dos produtos hortícolas da comarca e coñezan as bondades dos produtores locais.

Trátase dunha sesión de “citas rápidas” na que se lle brindará ao cliente a oportunidade de atopar o seu horticultor ideal. A xornada desenvolverase o próximo día 15 de setembro no restaurante A Bica, na Coruña, onde se habilitarán seis ou sete mesas detrás das cales haberá outros tantos agricultores cos seus respectivos produtos.

Os clientes que participen na iniciativa conversarán durante 6 minutos co horticultor, un tempo que este aproveitará para explicar as características do seu produto e para tratar de conquistar aos interesados polo estómago ofrecéndolles



unha tapa elaborada coas súas verduras.

Transcorridos os seis minutos, os clientes pasarán á seguinte mesa para escoitar ao próximo agricultor e degustar a súa tapa. Completada a rolda, o cliente cubrirá unha ficha na que expresará o seu interese en recibir no domicilio un pedido mínimo de verduras á semana e na que indicará de que agricultor lle

gustaría recibilo. Naqueles casos nos que haxa “química”, será o GDR quen poña en contacto ámbalas dúas partes.

Novos mercados
“Atope o seu horticultor ideal” é unha iniciativa coa que se segue abrir novos mercados e conseguir unha mellor comercialización das verduras da comarca. É por iso que na sesión de citas rápidas se lle entregará aos asistentes material no que aparezan os datos de contacto de todos os agricultores; dende mandís ata imáns para a neveira ou libros de cociña. Tamén se contactará coas principais asociacións de veciños da Coruña.

O prazo de inscrición xa está aberto e poden participar todos os agricultores da comarca interesados na venda a domicilio e que cultiven produtos da horta: cebola, patacas, porro, grelo, cenoria, tomate, xudía, cabaza.... Deben estar dados de alta e dispoñer dun vehículo apto para o transporte de verduras, isto é, unha furgoneta con frío.

Mercamelide crece e ábrese aos mobles e á xardinería



Descontos de máis do 50% animaron aos clientes a mercar

A edición de verán do Mercamelide, que celebrou na primeira fin de semana de setembro a súa décima edición, pechou con balance positivo. Malia que a crise económica e o bo tempo facían augurar unha menor afluencia de clientes, os produtos a baixo prezo ofertados polo comercio melidense foron reclamo máis que suficiente para atraer ata o Pazo de Congressos a centos de persoas. Arredor de 30 comerciantes da vila participaron nunha feira de saldos que este ano lles ofreceu aos visitantes importantes novidades, ao incorporar á súa oferta mobles, maquinaria de xardinería e mesmo máquinas de coser antigas. Con todo, as prendas de roupa e o calzado, con prezos comprendidos entre os 5 e os 30 euros, volveron estar entre os artigos máis demandados. Os obradoiros de Sogama para os cativos e o reparto de bolsas reutilizables completaron a oferta do evento.

“AFORRA CO BONO ASETEM” - DIRECTORIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981 50 79 78
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981 50 73 00

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981 50 55 04
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Eypar, S.A.
Madanela
981 50 72 03
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Acciteiro
Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981 50 64 73
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981 50 52 51
Bambi
Rosaleda, 5
981 50 75 36
Berencello
Rúa do Convento, 2
661 81 59 76
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 50 04
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981 50 59 16
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981 50 61 42
Cooperativa
Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Cousas Novas
Rúa do convento, 30
981 50 74 74
Cristalería González
Agüeiros, 44
981 50 70 16
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615 36 00 89
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981 50 71 71
El Baúl de la Piquer
Rúa Progreso, 1
981 50 70 65
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981 50 59 51
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981 50 78 55
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981 50 58 76
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
H2O
Alexandre Bóveda, 10
981 50 75 78
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981 50 78 06
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981 50 59 97
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981 50 63 58
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981 80 80 09
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981 50 73 77
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados Abel
Camiño de Ovedo, 16
609 82 30 79
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981 19 34 94
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981 50 71 74
Toanma
Rúa San Juan, 1 - Baixo
981 50 74 93
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981 50 79 54
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627 24 00 11
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Xtempora
Rúa Moa, 1
981 50 52 27
Zapateria Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981 50 57 93

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86

Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981 80 44 04
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981 50 71 76
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981 50 60 51
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981 50 58 59
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981 50 70 89
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988 33 52 94
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981 17 05 50
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981 50 55 92
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981 50 04 51
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

A Boa Viña
Praza da Herba, 10
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68

Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981 50 79 01
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981 50 53 46
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981 50 78 53
Cafetería Stop
Rúa da Catedral, 1
Esquina San Antonio
Casa Quinzán
Rúa do Convento, 7
981 50 53 25
Cervexería Godiva
Ichoas, 7
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
Novo Continente
Luis Seoane, 8
981 50 61 82
O sapo Lambón
Taboada Roca
881 95 98 49
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pensión Xaneiro
San Pedro, 22
981 50 50 15
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981 50 79 06
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981 50 75 10
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981 50 55 87

SERVIZOS

Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Clínica Dental Ana
Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981 81 53 30
Peluquería
Gómez Andón
Álvarez Carballido, 1
981 50 75 39

Perruquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650 43 63 75
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982 24 25 63
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981 50 61 81
Servinet
Rúa Progreso, 36
615 92 96 47

TALLERES

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981 50 56 12
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981 50 54 82



Psicotécnico Santa Ana



Cantón de San Roque, 9 - 1º D
Tfno y fax: 981 50 50 75
Melide (A Coruña)



Al hacer el psicotécnico le
tramitamos la renovación de su
carnet ante la Jefatura de tráfico

GRATIS

**Certificados
Psicotécnicos:**
Conducir (toda España)
Armas
Guardia forestal
Seguridad privada
Perros peligrosos
Buceo y otros
Chequeos médicos
Certificados médicos
Medicina en general



Un producto para cada necesidad

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES

Desengrasantes. Ambientadores. Detergentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL

Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desblocantes.

AUTOMOCIÓN

Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.

CONSTRUCCIÓN

Desencofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona

AGROPECUARIA

Detergentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)

INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS

Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...



PISCINAS

Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.

CELULOSAS

Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas

Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
Tfno. 981 50 57 05
15800 - MELIDE (A Coruña)



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATOLOGOS DE A CORUÑA



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Tenda Tf-fax 981 505 723

Queixería tf 981 510 702

Balada - Visantofa

15809 Santiso

xebre@telefonica.net

Agora tamén xeados artesáns

**S
SITO**

MIL IDEAS EN ESCAYOLA

sito@escayolassito.es

Tfños.: 981 505 951 - 650 713 063

Ronda de Pontevedra, 75
15800 MELIDE (A Coruña)

ISOVER
Soluciones en aislamiento

KNAUF
Soluciones de interior

As pemes pagan case o dobre do que deberían polo seu servizo de telefonía

Os abusos e as fraudes no sector das telecomunicacións ocupan ano tras ano o primeiro lugar nas reclamacións formuladas polos consumidores. Incumprimento de ofertas, cobro de servizos non contratados, facturas desorbitadas ou modificacións de tarifas supoñen unha auténtica quebradura de cabeza para os usuarios. As prácticas comerciais abusivas por parte dos operadores de telefonía están á orde do día e poden facer que as facturas se disparen chegando a pagar ata un 50% máis do debido.

No caso das pequenas e medianas empresas, realizar unha boa xestión dos servizos telefónicos permite acadar importantes aforros: "a optimización dos recursos en telecomunicacións pode facer que a factura mensual se reduza á metade", sinala Daniel Gómez, asesor de Gestión Profesional de Galicia (GesproGa), unha empresa con sede en Santiago e anos de experiencia en consultoría de telefonía enfocada ás pymes e aos autónomos. "No noso caso ofrecémoslle aos clientes a seguridade de que ninguén os vai enganar nin van pagar un céntimo demais aos operadores que tratan de enriquecerse á súa costa", engade.

Como exemplo do que se pode lograr cunha xestión eficiente, Daniel Gómez cita o conseguido por un dos seus clientes máis recentes, que pasou de aboar unha media de 1.300 euros mensuais na súa factura de telefonía, a pagar 653 no último recibo.

Como se consegue o aforro

GesproGa basea o seu traballo no coñecemento do mercado das telecomunicacións, tanto a nivel legal como de tarifas e ofertas. Iso permítelle atopar para o cliente as condicións que mellor se axustan ao seu tipo de empresa e necesidades, conseguindo que pague o mínimo posible na factura sen perder prestacións.

Na maioría dos casos o aforro conséguese sen necesidade de cambiar de operador, tan só actualizando as tarifas e os descontos. Unha vez que se optimizou a factura, GesproGa continúa revisándoa todos os meses e enviándolle aos clientes un informe coas posibles desviacións e as medidas que se poden tomar: reclámanse os erros e búscanse se é necesario novas e mellores ofertas. "As operadoras cambian de tarifas unha media de dúas ou tres veces ao ano", explica Daniel Gómez, "polo

que as tarifas que son apropiadas hoxe, poden quedar obsoletas mañá. Nós encargámonos de que o cliente sexa o primeiro en sabelo e cambie para a que máis o beneficie".

A día de hoxe GesproGa colabora cos responsables dos grandes operadores e xestiona unha importante carteira de clientes, polo que pode conseguir mellores condicións que as do mercado actual. Por outra banda garante como mínimo unha redución do 50% nas chamadas internacionais con calquera operador dende o móbil ou o fixo.

Garantía total

Un dos compromisos que figura nos contratos de GesproGa é que o cliente pode darse de baixa cando queira se a empresa non cumpre o 100% do pactado. Non existe ningunha permanencia no servizo "porque hai unha confianza plena no produto e calquera negocio que se propoña unha xestión seria, pode conseguir un enorme aforro", sinala Daniel Gómez, quen engade que "baseamos o noso traballo en que o cliente estea satisfeito. Ao final acabamos formando parte da empresa que nos contrata porque ve que nos preocupamos por ela".



GESTIÓN PROFESIONAL
DE GALICIA S.L.

CIF: B70325527

O COMPROMISO CO CLIENTE

Na súa relación co cliente GesproGa comprométese a analizar as facturas que lle sexan entregadas e a presentar un informe mensual das mesmas no que figure o seguinte:

- Análise do aforro e da súa evolución
- Comprobación de situacións anómalas que, de existir, se notifican ao cliente: chamadas a números de tarificación especial, mensaxes Premium, etc...GesproGa ocúpase, se o cliente llo pide, de presentar as reclamacións oportunas para dar de baixa os servizos que están causando un gasto indebido.
- Revisión do axuste das tarifas do cliente á evolución dos seus hábitos de consumo e aos horarios nos que se realizan as chamadas. Proposta de cambio, se fose necesario, co obxectivo de conseguir un maior aforro na factura axustándoa dentro do posible ás tarifas máis económicas.
- Renovación de descontos na factura, se é posible, en caso de que caducaran.
- Asistencia técnica para a configuración de terminais e solución de incidencias de e-mail no móbil, etc...
- Xestión e reclamación de posibles erros de facturación. GesproGa conta co asesoramento dun avogado que intervéen en casos conflictivos ou ante a necesidade de que sexa necesario presentar unha denuncia contra os operadores.
- Búsqueda das mellores ofertas económicas de telefonía en todo momento.



GESTIÓN PROFESIONAL
DE GALICIA S.L.

CIF: B70325527

Deixe de tirar os cartos nas facturas do teléfono

**Cunha boa xestión e asesoramento pode
aforrar ata un 50% da súa factura**

informacion@gesproga.es

daniel@gesproga.es

Teléfono: 881 20 00 22

→ → Camino de Santiago → → IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Albergue Turístico
O Apalpador

Albergue Turístico
O Apalpador

Rúa San Antón, 21
15800 MELIDE (A Coruña)

Teléfono: 981 507 560
981 507 560

www.albergueapalpador.com
www.albergueapalpador.com



Praza do Convento

Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

CAFETERIA CHAPLIN

Platos combinados, pastas, caldo

CAFETERIA IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - PASTAS

Tfno.: 981 50 70 05
Calle de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

50º ANIVERSARIO Pulperia EZEQUIEL

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 38 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

cafeteria Cervecería stop

Desayunos:

1. Café con leche doble, chupito de zumo de naranja natural natural y mandarina: 1,30 €
2. Café con leche doble, tostado de pan artesano o bollería, chupito de zumo de naranja natural: 1,50 €
3. Café con leche doble, tostado de pan artesano o bollería y zumo de naranja natural grande: 4,00 €

RESTAURANTE - PULPERIA Almagro II

Exposición de arte en el patio del restaurante desde 1997

PUERCA RECONOCIDA EN EL MUNDO
PULPERIA - RESTAURANTE - COCINA DE PRODUCTOS
CARNES DE BOVINO Y PULPERIA

Ctra. de Lugo, 42
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 70 05
Móvil: 605 883 268

Ezequiel
eventos privados

Excelentes Menús, regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378

CASA DE LOS SOMOZA
TURISMO RURAL

CASA DE LOS SOMOZA

Tfno./Fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 39 20 90
Coto - Leboeiro - MELIDE (A Coruña)

Pulperia Almagro II

Móvil: 605 883 268
Camino Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garmacharmelide@gmail.com

Melide solicita 96.000 euros para soterrar os cables da zona vella

Na súa intención de poñer en valor o casco antigo de Melide, o concello solicitoulle recentemente á Consellería de Industria 96.000 euros para enterrar o tendido eléctrico nunha parte da zona vella. A actuación persegue acabar co impacto visual provocado pola maraña de cables que cruza as rúas de boa parte do casco histórico e que “adorna” as fachadas de casas e comercios.

Dende o concello confíase en que os traballos contribúan tamén a mellorar a calidade do subministro eléctrico e a seguridade na prestación no servizo. Porén, o obxectivo principal é reducir o impacto paisaxístico do cableado aéreo, potenciando así o atractivo turístico da zona vella. É por iso que as obras se van acometer no entorno do camiño de Santiago, en espazos de uso público e en puntos de interese. En concreto, enterraranse os cables das prazas do Convento e das Coles e do entorno do Centro da Terceira Idade, do albergue de peregrinos e da Capela do Carme.



Profusión de cables na Rúa Travesa

nos e da Capela do Carme.

A actuación enmárcase dentro da liña de axudas que habilitou a Xunta de Galicia para o soterramento de infraestruturas eléctricas. O executivo municipal estima que precisará 120.000 euros para realizar uns traballos que consistirán, como é habitual neste tipo de intervencións, en abrir zanzas para meter as tuberías cos cables, construír arquetas enterradas para as

conexións e repoñer o pavimento unha vez que rematen os traballos. A Consellería de Industria subvenciona ata o 80% do custo total e dende o goberno local solicitouse a cantidade máxima posible, isto é, 96.000 euros. O concello agardará agora a resolución que permita dispoñer dos fondos necesarios para custear esta mellora. Sería unha máis de cara á renovación integral que precisa o casco histórico.

O lume queima 20 hectáreas de monte preto do polígono



Operarios reparando a liña telefónica afectada polo incendio

Un verán máis as chamas volveron ao entorno do polígono da Madanela. Un incendio queimou o pasado 2 de setembro 17 hectáreas de monte baixo e outras 3 de árbores. O lume orixinouse sobre as 11 da noite xusto á beira da estrada que une Santiago e Lugo, nun tramo comprendido entre o parque empresarial e O Leboreiro. Sete brigadas, un Grumir, seis motobombas e unha pala traballaron durante horas

para extinguir o incendio, que non quedou completamente sufocado ata as 8 da mañá do día seguinte.

O lume chegou a menos de cen metros dalgunhas casas, pero a estrada nun caso e os prados no outro evitaron que as lapas avansasen. Si que resultaron afectados os cables da liña telefónica e de fibra óptica, o que deixou varios núcleos do concello de Palas de Rei sen servizo telefónico varias horas.

FOTO-DENUNCIA

A cultura transgresora



Hai veces nas que transformamos os escenarios por completo facendo que perdan a súa estética orixinal e mesmo o seu significado. Tal lle pasou durante o San Roque á futura Casa da Cultura. E non precisamente porque acollese unha obra de teatro. Un edificio sen rematar e que aínda non chegou a novo, apareceu todas as mañás transformado nunha ruínosa construción con abon-

doso lixo e o penetrante ulido do máis descoidado baño público: o chamado a ser templo da cultura melidense convertido en sé do botellón. Case que é coma o que entra na igrexa para botar pecados.

Máis non axuicemos agora o feito do botellón, senón a falta de respecto polos lugares onde se practica. Aínda que neste caso se diga que estaban a facer cultura transgresora...

Dous melidenses no Top 10 dos cazadores de Galicia

O sexto e o oitavo posto conseguidos por Naco e Tarrío no derradeiro Campionato de Caza de San Huberto, celebrado o 25 de agosto en Fornelos de Montes, sitúan a estes dous cazadores melidenses entre os mellores de Galicia.

Os resultados poideron ser incluso mellores de non teren a mala sorte de competir no mesmo campo, algo que limitou as posibilidades de que os dous pasaran á fase final do campionato. De feito, Tarrío viu como Naco lle arrebatara no último momento a praza que lle daba acceso á rolda definitiva. Clasificado entre os mellores, Naco tivo o campionato nas súas mans pero o infortunio xogoulle de novo unha mala pasada: “había un badén no meu campo e dende a posición que tiña non puider ver que a cadela estaba parada cunha arcea”, comenta. Con todo, declárase moi contento polo posto acadado e polo comportamento da súa cadela:



Tarrío e Naco cos seus cans

“É unha xoia. A pesar do pouco adestramento que tiña traballou moi ben. Para o ano agardamos facer algo grande”.

No campionato de San Huberto participaron 27 cazadores. Os catro primeiros estarán no Campionato de España, ao que tamén pode acudir Naco en caso de que haxa algunha baixa. O melidense Mario López, que tamén participou, quedou no posto número 16.

Detidos dous romaneses que intentaron atracar a un veciño da vila

A Garda Civil detivo o último día das festas de San Roque a dous homes de nacionalidade romanesa por intentar roubar, con violencia e intimidación, nunha vivenda de Melide. Os feitos sucederon ás 8 da mañá cando un veciño da vila saía da súa vivenda e atopou no descanso das escaleiras a dous encapuchados, un dos cales levaba unha pistola. Ao velos e decatarse de que o ían atracar, pechou a porta da casa rapidamente e impediu que accedieran ao interior. Nese momento os delincuentes fuxiron polo camiño de Santiago, aínda que foron localizados oito horas máis tarde polos axentes da Garda Civil, que finalmente comprobaron que a pistola que levaban era de aire comprimido. Un dos atracadores tiña fixada a súa residencia no propio municipio de Melide.

SAN ROQUE 2012, nove días en nove imaxes



Nove días dan moito de si. E se a iso se engade unha variada programación na que non faltaron orquestras, feiras, actos relixiosos, deporte, actuacións clásicas (e modernas), xantares populares, atraccións, campionatos, terrazas, auga, sol, discotecas e un longo etc... pódese concluír que quen non gozou do San Roque 2012, foi porque non quixo. Unha das novidades desta edición foi o I Mercado Medieval, que converteu durante tres días o casco vello de Melide nun escenario histórico. Da novidade á tradición, a procesión do San Roque congregou un ano máis a centos de persoas no seu percorrido polas rúas da vila. Tamén foron moi concorridas todas as actuacións das orquestras nas noites de verbena e de xeito especial o concerto de Camela, que fixo do centro do pobo unha marea de cabezas sen fin.



A música feita na vila ocupou un lugar prominente na programación do San Roque 2012. Como vén sendo tradicional, a inauguración oficial das festas correu a cargo da Orquestra Sinfónica de Melide e o espectáculo "Bandas Sonoras", un concerto que levou á Praza do Convento a mellor música do cinema e deleitou a centos de persoas. Nun escenario moi próximo, a igrexa parroquial, a Coral Polifónica da vila ofreceu tamén a súa propia actuación, que este ano tivo unha compoñente moi especial por tratarse do 30 aniversario da agrupación. Xa case como colofón dos festexos, os alumnos do conservatorio recuperaron o orixinal percorrido musical polo casco vello con 8 miniconcertos a cargo doutros tantos grupos instrumentais. Non faltaron as actuacións dos grupos locais de música tradicional.



Quen dixo que a festa non era compatible co deporte? Xa nada máis comezar o San Roque ducias de valentes retaron un día algo desaprachable para participar no "Día da bicicleta" organizado por "Melide Club Ciclista". Alta participación tamén (46 persoas) tivo o VI Campionato de Tirapedras da Galiza Central, organizado na Praza das Coles pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Iván Varela venceu en categoría infantil e Paco Montanos foi o mellor dos adultos. Tamén había que ter boa puntería no VIII Campionato de Tiro ao Prato que realizou a Asociación de Tiro de Melide na Madanela. Pleno do ganador: 25 pratos de 25.

A música que amansa as feras

Por todos é ben sabido que o xabarín pode ser un auténtico problema para o agricultor. Millo, patacas, hortalizas... calquera cousa lle presta a este animal que visita a miúdo, e cada vez con maior frecuencia, as leiras da comarca. Pero un veciño da parroquia de Zas de Rei, en Melide, deu co verdadeiro segredo para manter a raia o porco bravo e conservar intactas dende que nacen ata que as recolle, tanto espigas como patacas.

Despois de varios anos observando e probando diferentes métodos, Manolo Carregal descubriu que non hai nada mellor cás notas musicais para escorrentar o xabarín. É por iso que todos os días, trala posta do sol, colle a súa gaita e bota a andar camiño arriba cara á Leira Nova, onde ten plantados varios ferrados de millo e patacas. “Xa teño o tema controlado”, comenta, “hai que vir sempre ás once da noite, que é cando saen, e tocar media hora”. Así día tras día, con insistencia, “porque o porco bravo unha vez



Manolo Carregal na Leira Nova coa gaita e o seu can Rulo

que veza, repite”, asegura. E mesmo trae compañía: “xa teño visto a dous xuntos, e incluso unha nai cunha camada de oito crías”.

Máis no seu concerto nocturno, Manolo Carregal non está só. Acompañao sen fallar un só día o seu can Rulo, que nada máis soar a primeira nota non deixa de saltar e cantar. Cando este dúo singular non pode acudir á súa cita diaria na Leira Nova, entran

en acción os irmáns de Manolo que, a falta de destreza musical, “tocan botes e caldeiretos”. Calquera método é válido para acovardar o xabarín: prendas de roupa nas cancelas, sacos de cores e pelo de muller, “que está máis perfumado”. Con todo, ningún é tan efectivo como as notas da gaita de Manolo, que ademais de espantar o porco bravo tamén enchen de alegría as noites da aldea de Parafita.

27 estrelas con Luz nun festival do máis solidario

“Quiero devolver el cariño al lugar donde nací con algo más especial que un concierto normal”. Con estas verbas xustificaba Luz Casal nunha rolda de prensa en Madrid a súa intención de converter a aldea que a viu nacer, no concello de Boimorto, no escenario dunha das citas culturais máis destacadas do panorama nacional. A artista regresa á súa terra para poñer en marcha o “Festival de la luz”, unha idea que andaba a voltas na súa cabeza “desde hace años” e que traerá a Boimorto a 27 artistas, entre os que figuran Manolo García, Dover, Rosendo, Chris Barron ou Luar na Lubre, ademais da propia Luz Casal.

O evento celebrarase os próximos días 22 e 23 de setembro a carón da casa natal da artista, na parroquia de Andabao, e a recadación obtida coa venda de entradas entregárase integralmente á Asociación Española contra el Cáncer. Pero ademais da compoñente musical e solidaria, o “Festival de la



luz” nace cun forte compromiso co desenvolvemento do medio rural. Por iso haberá un espazo destacado para o denominado “Mercado de la cosecha”; 4.280 metros cadrados destinados para que empresas e entidades amosen produtos e iniciativas relacionadas coa gastronomía, as novas tecnoloxías e o turismo rural. Ademais, o festival contará con talleres de fotografía, customización textil, xogos e actividades culturais para as familias.

Lecer e aprendizaxe nos campamentos de Santiso



Actividades na piscina municipal o derradeiro día de campamentos

97 nenos e nenas participaron nos campamentos de verán do Concello de Santiso. Dende o 2 de xullo ata o 10 de agosto os cativos realizaron actividades deportivas, acuáticas, de cooperación grupal, manualidades e xincanas de xogos tradicionais. Este ano a ensinanza do inglés foi unha parte fundamental do campamento e impartíronse clases dúas veces á semana cun enfoque

completamente lúdico. Outro dos puntos fortes foron os chamados “Venres Culturais”, que incluíron a visita dun mago, un malabarista, unha compañía de teatro, un músico e unha excursión ao Museo Pedagógico de Galicia. Como festa final, os máis pequenos gozaron durante toda a mañá dunha colchoneta inchable na piscina municipal e compartiron unha rica merenda.

A Cornella acolle a festa por excelencia do verán



Centos de familias acoden o terceiro domingo de agosto á Cornella

O día non comezou con moi boas expectativas e as chuvieiras da primeira hora da mañá fixeron temer unha xornada deslucida pola auga. Mais finalmente o tempo respectou a Festa da Cornella, que volveu ser, unha edición máis, un fervedoiro xente. A área recreativa volveu ateigarse de familias, maiormente de Ponte Arcediago, e tamén de xente que regresa á terra nas vaca-

cións, para gozar dunha completa xornada á beira do río. O xantar ao aire libre foi o principal atractivo desta festa para a que moita xente xa reserva sitio dous meses antes de que se celebre. Con todo, axudaron a animar aínda máis o bo ambiente os gaiteiros e a actuación dunha orquestra. Malia ser o sábado o día “forte”, non foron poucos os que se animaron a repetir o domingo.

A Deputación compensa os recortes en servizos sociais

Os catro concellos que integran a comarca da Terra de Melide recibirán 204.558,65 euros da Deputación da Coruña para o mantemento dos servizos sociais. A achega do organismo provincial compensa os recortes aplicados pola Xunta de Galicia, que no ano 2012 deixou de financiar os concellos con menos de 20.000 habitantes. O municipio que reciba a maior cantidade será Sobrado, con 56.791,12 euros, seguido polo de Melide, con 52.994,50. Santiso contará cunha partida económica de 49.284,82 euros e Toques disporá para os seus servizos sociais de 45.488,21. As asignacións provocaron algunhas reaccións críticas. Os nacionalistas melidenses acusan ao PP, que goberna na Deputación, de discriminar ao concello de Melide, xa que recibirá unha cantidade “inferior ou semellante” á doutros municipios con menos poboación.

FALA A OPOSICIÓN: BNG DE SOBRADO

“En trece anos de goberno o Partido Popular creou unha rede caciquil moi ben montada”

Fuxe dos focos e insiste en recordar que o BNG de Sobrado é o resultado do traballo de moitas persoas con nome e apelidos, sobre todo o dos seus compañeiros na corporación: Manuel Cotos, José Antonio Veiga e Alfonso Ríos. Uns nomes aos que hai que engadir o do propio Lisardo Santos, que se estrea como concelleiro nesta lexislatura e que malia estar descubrindo

“a cara menos agradable da política”, non deixa de confiar nela como instrumento “para facer cousas boas polo concello”. Crítico coa xestión realizada polo alcalde, ao que achaca “falta de iniciativa”, e preocupado polo futuro do municipio, Lisardo Santos reflexiona sobre o devir de Sobrado na última entrega da serie de entrevistas de “Fala a oposición”.

- Obtiveron bos resultados nas últimas eleccións, pero a maioría absoluta do PP en Sobrado semella ser inquebrantable.

- Lisardo Santos (L.S.): O PP leva 13 anos gobernando e nese tempo creou unha rede caciquil moi ben montada. Traballan todo a base de favoritismos e buscando sempre a maneira de que lles debas un favor. Se por exemplo queres abrir un negocio, van estar termando de ti todo o que poidan, reténdoches a licenza de actividade ata que a vaías pedir de favor. Entón é cando che din o típico “si home, non te preocupes que iso soluciónámoscho nós”. Coñecemos o caso dun local que estivo esperando por ela un ano e medio e déronlla 10 días antes das eleccións. O propio día dos comicios, levanteille unha acta ao alcalde por levar a dous señores maiores a votar. Recoñecemos na casa co seu coche e presentounos na mesa electoral. Así funciona o goberno do PP en Sobrado.

-Quizais así é como funciona a política...

-L.S.: Eu metinme nisto porque penso que realmente se poden facer cousas boas polo concello. O meu problema é que non sabía ben como era a política. Crin que sacando un bo resultado nos ían facer máis caso á hora de plantear as demandas dos veciños, pero ao PP a opinión dos demais é o que menos lle importa. O que fan é rirse dun á cara, aínda que por diante cha poñan seria. Cando intentas tres ou catro veces quedar co alcalde para falar dos problemas que teñen os veciños dunha parroquia e che dá largas, non che colle o teléfono, pasa de ti, e logo levas o tema ao pleno e queda metido nun caixón... acabas desilusionándote.



Os 4 concelleiros do BNG de Sobrado trala toma de posesión dos cargos

-Cre logo que o alcalde non está suficientemente implicado no seu labor?

-L.S.: O goberno de Sobrado caracterízase polo pasotismo total. Ás veces o alcalde non recibe aos veciños no despacho e incluso se presentan por escrito algunha queixa, eses escritos quedan sempre sen responder. O BNG presentou no último pleno unha moción para que instaran á Xunta a prolongar o arranxo da estrada que vai dende Friol a Sobrado, xa que está previsto que só amañen o tramo que transcorre pola provincia de Lugo. A única resposta que deu o alcalde foi que non podía molestar nestes momentos de crise con esas cousas. Non sei con que pode molestar entón cando se trata dunha das principais vías de comunicación do concello e está feita un completo desastre...

-Como valora a xestión realizada nestes 13 anos polo Partido Popular ?

-L.S.: Agora estamos en crise pero antes deuse o período de maior crecemento económico de Galicia e esta xente non soubo sacar proveito ningún para Sobrado. Cando Jacobo Fernández entrou de alcalde, Sobrado xa tiña piscina municipal, xa tiña pavillón polideportivo e o concello novo xa estaba construído. O único que fixo foi un campo de fútbol. Houbo moita falta de iniciativa. De feito, o alcalde non leva as rendas do concello; é un mero monicreque. Son outras persoas que o rodean e que levan anos ao seu lado as que toman as decisións.

-Recoñécelle o mérito da boa situación financeira?

-L.S.: Si, o concello está saneado, con superávit e cun rema-

nente próximo aos 400.000 euros. Economicamente a situación é boa pero iso ten unha dobre lectura. Estar sempre en números positivos vén dado non tanto por unha xestión excelente senón porque non se inviste en absolutamente nada. Por exemplo, dos cartos que dá a Deputación para o Plan de Obras e Servizos pódese destinar ata o 60% a gasto corrente. Se o concello de Sobrado está saneado, por que seguen metendo ese 60% para gasto corrente? Podían destinar só o 20% e empregar o resto para arranxar camiños, que fai moita falta. Hai concellos que están en números negativos pero pasas por eles e ves que se fan cousas. Aquí estamos en números positivos pero non se ve nada. Se fixeran as inversións que tiñan que facer para dinamizar o municipio, Sobrado

non estaría en declive.

-Ve o futuro moi negro?

-L.S.: Cada ano perdemos máis poboación. A situación pode ser boa para unha persoa xubilada pero a xente nova non ten onde traballar e marcha. Cando baixemos de 2.000 habitantes as axudas que imos recibir van ser menores. O PP nunca pensou no futuro e non están loitando por darlle a volta á situación actual. Se miras o que pelexou o alcalde por Sobrado chegas á conclusión de que pasou por aquí sen molestar a ninguén pero sen producir nada, e os que veñan detrás que se busquen a vida. De seguir con esta dinámica o concello vai acabar desaparecendo.

-Unha posibilidade que se pode dar no marco dunha fusión con outros concellos. Que opina do tema?

-L.S.: O día que sexa imposta polo goberno central, a fusión levarase a cabo. Mentres contén os votos dos concelleiros, o BNG dirá que non, porque cremos que Sobrado ten bastante potencial para medrar e desenvolverse como concello único. Tamén habería que ver con que concello nos queren fusionar. Se fose co de Curtis, acabaríamos desaparecendo e non teríamos ningunha capacidade de decisión. Se falamos dunha fusión máis igualitaria, con Toques e Vilasantar, habería que estudalo. En todo caso, o que non pode ser é votar si ou non a algo que non sabes como vai ser, nin canto aforro vai supoñer, nin se beneficiará á xente ou non. Iso sería ir ás tolas, como está pasando con Oza dos Ríos e Cesuras. En Sobrado o que houbo de momento foi un consorcio de servizos que anunciaron a bombo e platillo sen ter se-quera os estatutos redactados.

FESTAS DA SANTA CRUZ



Membros da comisión de festas da Santa Cruz

Non hai medo á crise. Nun afán de superación, a comisión de festas da Santa Cruz decidiu botar o resto este ano e organizar uns festexos o máis atractivos posible para os veciños de Santiso e visitantes. Con 20.000 euros de orzamento, 4.000 máis ca o ano pasado, a presenza da Orquestra Panorama o venres día 14 será a principal atracción. Outro dos pratos fortes da xornada será a actuación da Banda de Visantóna. O sábado día 15 non quedará atrás: a Orquestra Xente Nova, a Cha-

ranga Polvo Bravo e os Gaiteros da Ponte amenizarán o día.

A comisión, que este ano se integrou na Asociación Cultural Festas da Santa Cruz, conta con dous novos membros: Iván Sánchez e Rafael Fernández. Despois de moitos meses de traballo, os organizadores da Santa Cruz agardan que as festas sexan do gusto de todos e que os veciños gocen de dous días de lecer. Como novidade, e para prestar un mellor servizo ás persoas que asistan á festa, haberá un aparcadoiro para coches.

Festas da Santa Cruz

14 e 15 de setembro de 2012

PONTE ARCEDIAGO

SANTISO

VENRES 14

Misa solemne á 1 na honra da Santa Cruz. Sesión vermú a cargo do Grupo OCEANO acompañado da **BANDA DE MÚSICA DE VISANTONA**. Ás 10 da noite gran verbena coa **ORQUESTRA PANORAMA** acompañada de **GRUPO OCEANO**.

SÁBADO 15

Misa solemne á 1 na honra da Virxe dos Dolores. Sesión vermú a cargo da Orquestra **XENTE NOVA**, a **CHARANGA POLVO BRAVO** e os **GAITEIROS DA PONTE**. Ás 10 da noite gran verbena coa **ORQUESTRA XENTE NOVA** e o **GRUPO IRIS**.



Concello de Santiso

deséxalles Felices Festas

CASA SUAREZ



Tfno.: 981 51 79 09
Agro do Chao - Arcediago
15808 SANTISO (A Coruña)



AUTOBUSES SANTISO, S.L.
ARCEDIAGO, S/N
15808 A CORUÑA

TLFS: 981 51 77 78
649 45 04 44
630 11 82 45



J. SESTO EXCAVACIONES

Tfno.: 659 580 057
VISANTONA - SANTISO (A Coruña)



Tfno. / Fax: 981 51 77 35

M. 609 710 047 / 649 623 401

Arcediago - Santiso (A Coruña)

casasoutodeabajo.es

info@casasoutodeabajo.com



Ovidio Leiva Pereiro

Tfños.: 981 51 77 36 - móbil: 608 58 74 47
Belmil, s/n - SANTISO (A Coruña)



Agro do Chao, s/n

15808 SANTISO (A Coruña)

Tfno.: 981 104 242

Melide despide o verán coa festa do San Caralampio

Cuestionario:

1. Que lle pareceu a feira medieval?
2. Aféctalle a crise á zona dos viños?
3. Que lle pediría ao concello para mellorar a zona dos viños?

Carlos, Xaneiro

1. Unha boa iniciativa.
2. Non nos podemos queixar, traballamos bastante ben.
3. Zona peonil as fins de semana.

Peón, A Esquina

1. Gustoume, pero en próximas edicións hai comezar a preparala antes.
2. Unha vez que remata o verán é cando chega a crise á zona dos viños.
3. Máis implicación.

Vanesa, Novo Valente

1. Faltaron postos de venda. En próximas edicións hai que animar á xente a que se vista con traxes de época.
2. As fins de semana traballamos ben pero pola semana nótase bastante.
3. Máis limpeza nas rúas e que sexa zona peonil.



O viño, protagonista do San Caralampio, alegra as peñas e o ambiente na zona vella

Conde, Morrigan

1. Estivo ben, pero foi planificada co tempo moi xusto.
2. No inverno aféctanos moito.
3. Que colaborase cos empresarios para organizar máis eventos no inverno.

Carlos, Liñares

1. Ben, pero hai que organizala con máis tempo.
2. Aféctalle de xeito especial no inverno.

3. Sería unha boa medida convertela en zona peonil.

Ángeles, A Cepa

1. Foi unha boa idea pero non nos deu tempo a organizala.
2. No inverno hai moita crise.
3. Necesitamos que sexa zona peonil e que se haxa máis actividades despois do verán.

Óscar, O Lar

1. Estivo moi ben e notouse a

- afluencia de xente.
2. Si, aféctanos bastante, o mesmo ca outras zonas da vila.
3. No inverno está a cousa moi parada e non viría mal máis actividade. Tamén sería bo que a fixesen zona peonil.

Belén, Cire

1. Debería organizarse con máis tempo
2. Si que nos afecta, e no inverno máis.

3. Debería ser zona peonil.

Fernando, Godiva

1. Ben, pero debería haber máis postos de venda nas distintas prazas.
2. Pola semana aféctanos máis.
3. Unha boa medida sería instaurar a zona peonil.

Jesús, O Mandil

1. Unha boa iniciativa que debería organizarse con máis tempo de antelación.
2. Si, sobre todo pola semana.
3. Fundamentalmente que a fixese peonil.

García, Big Ben

1. En xeral estivo ben, aínda que houbo algúns fallos.
2. Pola semana si.
3. Regular ben a zona peonil.

Alberto, A Boa Viña

1. Estivo moi ben, pero sería importante agregar máis postos en vindeiras edicións.
2. Nótase polo inverno durante a semana. As fin de semana seguimos traballando moi ben porque é a mellor zona de viño dos arredores.
3. Había que darlle máis vida no inverno.

HOTEL Restaurantes
Xaneiro
PX HX
Pensión Xaneiro, s.l. **Hotel Xaneiro, s.l.**
 Tel.: 981 50 50 15 Tel.: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
 San Pedro, 22 - Melide Avda. de la Habana, 43 - Melide
 HABITACIONES CON BAÑO Y T.V. - CALEFACCIÓN - AIRE ACONDICIONADO
 SUITS - HAB. PARA MINUSVÁLIDOS - TLFNO EN TODAS LAS HABITACIONES
 CIBER - ACCESO A INTERNET WIFI DESDE LAS HABITACIONES
www.xaneiro.com hotelxaneiro@arrakis.es

Adega MANDIL

 Tfno.: 981 505 753 - Rúa Alberte de la Fuente, 6
 15800 MELIDE (A Coruña)

A boa Viña

A boa Vida
 Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE

Bodegas Mejuto

 Teléfonos: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557
 Ronda de Pontevedra, 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)
info@bodegasmejuto.com **VINOS Y LICORES**

NOVO VALENTE

bar

Adega **Mandil**

Bar **Liñares**

Bar **Esquina**

Bar **Godiva**

Big Ben
Irish Tavern

Bar **Valente**

Bar **Cepa**

Bar **Cire**

A boa **Viña**

Bar **Xaneiro**

Adega **O Lar**

Peregrino

Pescados **Manolo**

Pescados **Abel**

Colaboran:
Pubs
Cafeterías
Discotecas
Comercios
Melidenses

Concella de Melide

SAN CARALAMPIO

2012

MELIDE

9 SETEMBRO

ALBORADAS:
Gaiteiros: GRUPOS DO PAÍS
BANDA DO PETO (precisanse compoñentes).
O CASTRO de Toques

Charanga: OS ARMADANZAS

Grupos de percusión: 3 REDOBRES,
AXÉ PERCUSIÓN e
FESTICULTORES TROUPE
(a partir das 7 da tarde)

MISA
CONCURSO DEBUXO ALBERTE LAFUENTE
TIRO A LATA CON ESCOPETA DE PAO
PEMENTOS - PAN - CACHELOS - VIÑO
MEXILONS - SORTEOS ás 2 da tarde.

CONCERTO E ROMARÍA
 COA ORQUESTRA

DAS QUE HAI

A NOSA FESTA É DE TODOS: COLABORA COA COMISIÓN
¡NON TIRES CO VIÑO! Bébeo

A taberna de **Morrigan**

Cafetería **Stop**

Bar **Principal**

A Nosa Festa

VEPROGA, S.L.

Tfno.: 981 815 581
C/ Campo Grande, 13 b.
MELIDE (A Coruña)

O casco histórico de Melide foi sempre o centro neurál-xico da vila e o lugar onde a cultura do viño cobra a súa máxima expresión. A iso contribúen unha dúcia de tabernas que arrastran unha tradición de máis de 60 anos nos que cambiaron os nomes dos locais, a estética ou as caras detrás do mostrador, pero nos que conservaron a súa localización orixinal, o trato próximo e o ambiente afable que caracteriza á zona dos viños por excelencia do interior de Galicia.

Pero se hai un momento ao longo do ano no que o viño corre, literalmente, polas rúas empedradas dos casco histórico de Melide, ese é o segundo domingo do mes de setembro, día no que se celebra o San Caralampio, unha festa na honra dese mártir grego do que se di que decidiu morrer afogado nun barril de viño. A celebración suma xa 65 anos de historia e este 9 de setembro volverá converter a zona nunha gran festa ao aire libre na que non faltarán as peñas, a música, a comida, o bo ambiente e, por suposto, o viño.

NON TIRES CO VIÑO, BÉBEO!!



Espectáculos
LA PERLA
- Suso -
PIROTÉCNIA CALO

Tfno.: 981 50 59 11 - 981 50 74 17 - 639 13 60 92
C/ Nueva, 2 • 15800 MELIDE (A Coruña)

Chiquitín

Almorsos dende ás 6:00. - Menú do día.
Unha carta con pratos moi variados. - Habitacións

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, nº 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

Frutas
La Andaluza

Especialidade en uva de viño

TENDA: Tfno.: 981 507 938
Cantón de San Roque, 3 - 15800 MELIDE (A Coruña)



BAR CEPa

ZONA DOS VIÑOS - Tfno.: 981 50 72 56
Praza da Herba, 5 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

Adega "O Lar"

Rúa San Pedro, 17
15800 MELIDE (A Coruña)

Bar LIÑARES

*Bo viño,
especialidade
en comida caseira*

Tfno.: 981 50 51 84 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Con 35 anos de historia, Espectáculos Ángel Seoane é unha das empresas máis antigas de Galicia na súa rama de actividade. A día de hoxe conta con dúas oficinas, unha en Melide (A Coruña) e outra en Monterroso (Lugo), dende as que representa ás mellores orquestras tanto a nivel de Galicia como do resto de España. Ademais, Espectáculos Ángel Seoane representa tamén a artistas do panorama nacional e internacional.

Unha das características que distingue a esta empresa de espectáculos é a súa seriedade e o empeño en ofrecerlle ás distintas comisións de festas un servizo personalizado e eficaz; toda unha garantía para organizar os festexos da mellor maneira posible.

Espectáculos ANGEL SEOANE

MELIDE - MONTERROSO Tfno. móvil: 617 38 48 60

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial

Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
Prado Rey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



CasaQuinzan
RESTAURANTE

Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).



Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com

Axuda en nove linguas no camiño das mil légoas

Marie é unha francesa de Burdeos que chegou a Melide sen ter idea de español e moito menos de galego. O idioma non o domina pero xa lle dá boa traza á pandeireta. Cada mañá, á beira da ponte de Furelos, repénica como pode para chamar a atención dos peregrinos e ofrecerlles axuda no seu camiño cara a Santiago. Agosto é un mes de arduo traballo no que a camiñantes se refire, pero cando a ruta dá un respiro, Marie aproveita para ensaiar xunto coa súa compañeira de Grenoble os pasos de ballet do pasado curso.

Calquera diría que pandeireta e ballet non casan moito, pero toda combinación inverosímil resultou ser posible durante o mes de agosto en Melide, onde a Dirección Xeral de Xuventude decidiu poñer en marcha por primeira vez un campo internacional de traballo; toda unha experiencia de interculturalidade na que 40 mozos e mozas de 9 nacionalidades diferentes actuaron como voluntarios no camiño achegándolle aos pe-



Voluntarios no punto informativo instalado na ponte de Furelos

regrinos información de utilidade sobre Melide. No seu labor de interacción cos veciños da vila tamén traballaron no centro social, fixeron programas na radio municipal e mesmo participaron nas xornadas de limpeza do río.

Yauzi chegou das Illas Canarias. Sentado á beira dun caseto en Furelos, detrás dunha mesa con folletos informativos e baixo un cartón cun pulpo debuxado, explica como

deu bo resultado o par de mañás que pasaron na biblioteca estudando a historia de Melide e situando os lugares máis interesantes. “Máis ou menos xa sabemos onde está todo”, comenta. América, que chegou de Granada, amósase máis práctica: “o que quere o peregrino é saber onde están as pulperías, o albergue, os bancos e a farmacia”.

É un día relaxado para os dous e moi intenso para Mari-



A segunda quenda de voluntarios colaborou na limpeza do río

lena, unha moza de Palermo que non deixa de atender o torrente que non cesa de peregrinos italianos. Reparte folletos, fai recomendacións, fala de Melide, saca fotografías e cando para un anaco reconece que “oíra falar do camiño pero nunca pensei que houbera tanta xente. Cando atopan alguén que fala o seu mesmo idioma, agradéceno”.

E así o reflicten os peregrinos no libro de dedicatorias

que custodia Sebastián, de Arxentina, e que os voluntarios colocaron na entrada da ponte de Furelos xunto cun cartel escrito en inglés: “We can help you on your way!”. “Á entrada de Furelos escoitamos pandeiretas que elevaron o noso ánimo e nos guiaron no camiño”, escribiu alguén. Un camiño que estes voluntarios pioneiros contribuíron a enriquecer e do que xa forman parte para sempre.

O adeus da Sala 600, o sitio da cultura diferente

“Cando vas ao médico diche que comas de todo porque é san. Ca música pasa o mesmo: hai que escoitar funk, soul, rock, de todo... porque iso enriquece. A min encántame a música e encántame o son; non tiña moitas máis saídas”. A única saída de Miguel Prado era poñer en marcha a Sala 600, un proxecto que despois de 12 anos en funcionamento e máis de 6 cunha programación constante de música en directo chega ao seu fin.

A Sala 600 pecha as súas portas para sempre e deixa Melide sen o que era un dos referentes galegos da música ao vivo. Quizais porque tampouco había máis saída: “a sala pechou pola persecución policial que sufriu e pola negligencia da clase política, que non tomou medidas para que todos os locais de Melide tivéssemos o mesmo trato”, asegura Miguel Prado, que denuncia un trato discriminatorio. “Todo o mundo sabe que dependendo de quen sexas, podes abrir ata unha hora ou outra. Sempre atacan



Los Chikos del Maíz foi un dos moitos grupos que pasou pola Sala 600

ao mesmo pau. Esta sala foi perseguida de forma salvaxe e por iso pecha. Que quede claro”, insiste.

O último concerto da Sala 600 foi a finais do mes de xullo. Miguel asegura que non hai lugar para a nostalxia pero pola súas verbas semella como se o proxecto continuase: “terei que poñerme a contar cantos grupos pasaron pola sala nos últimos anos”, comenta. Calcula que máis de 300

dende 2006, cando comezou unha programación regular con ata 60 concertos por ano. Durante ese tempo a Sala 600 fixo un nome “recoñecido incluso a nivel nacional” e aínda agora, cos focos xa apagados, o móbil de Miguel segue soando para pechar contratos con Barón Rojo, Raimundo Amador ou Ariel Roth.

A vida cultural de Melide queda agora un pouco máis coxa. A Sala 600, xunto co Pub

Gatos e A Fundación, fixeron da vila un exemplo sorprendente e admirado (incluso polos propios artistas) de aposta pola música ao vivo: “a todo o mundo lle chama a atención que un pobo de menos de 8.000 habitantes teña máis programación de música en directo ca toda a provincia de Lugo xunta”, sinala Miguel, que sempre botou de menos un maior compromiso coa cultura que se fai dende Melide. “Nós faciamos cultura, estabamos subvencionados pola Xunta e polo Instituto Nacional das Artes Escénicas pero nunca xamais recibimos unha soa chamada de ningún dos concelleiros que tivo Melide”.

A súa non é unha despedida con lamentos pero semella que queda a sensación do que puido ser e non foi: “marcho coa cabeza moi alta facendo o que fixen. Non me deixaron seguir? Pois ben, tampouco vou estar pelexando contra o aire. Sei que o podo facer noutro lado, e fareino igual que o fixen aquí”.

Melide acolleu a proxección do filme Vilamor

O concello de Melide foi unha das vilas escollidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para proxectar a película “Vilamor”, unha produción netamente galega que está a encher as salas de cine e que obtivo recoñecementos en importantes festivais como o de Yakarta, Nova York ou Cannes. O propio director da película, Ignacio Vilar, e unha das actrices protagonistas, Mela Casal, desprazáronse ata Melide para presentar o filme. Durante o acto, Mela Casal definiu a produción, que está ambientada nunha comuna da Fonsagrada, como unha metáfora “dos pasos que temos que dar nestes momentos”. A actriz sinalou que “estamos nunha época na que hai que volver a empezar de cero, a compartir, a recuperar a lingua, a ser nós mesmos; temos que empezar outro Vilamor”. A proxección tivo que realizarse no pavillón do instituto debido ao mal tempo.

O IV Rali de Galicia Histórico traerá á comarca 105 km de espectáculo con saída no Obradoiro

Os días 21 e 22 de setembro a Terra de Melide volverá a ser o epicentro do mundo do motor. Volve o Rali de Galicia Histórico, un evento organizado pola escudería Melide MotorSport que incorpora varias novidades na súa cuarta edición para reforzar o atractivo de cara aos pilotos participantes e aos espectadores.

Todos os detalles do Rali serán revelados o próximo 7 de setembro no Hostal dos Reis católicos, en Santiago, o lugar escollido para a presentación oficial da competición. Ao acto, no que estarán presentes as autoridades dos concellos por onde transcorrerá a proba, tamén contará coa presenza de Luis Moya, que será nomeado presidente de honor do Rali de Galicia Histórico. Precisamente na capital compostelá, e máis concretamente na Praza do Obradoiro, será onde dea comezo a competición o venres 21 de setembro; un entorno privilegiado que dende finais dos anos 80 non vía a saída dun rali de velocidade.

105 km de percorrido

A saída no Obradoiro non será a única novidade na primeira etapa, xa que haberá un novo



Centos de afeccionados seguen as probas a pé de estrada

tramo que pasará por Arzúa, o de Maroxo, que xa formara parte do Rali do Botafumeiro nos anos 90. Javier Anido, presidente de Melide Motor Sport e organizador do rali, cualifica este tramo como “curto e fácil”, ao tempo que destaca a beleza das paisaxes polas que transcorrerá.

Dende Maroxo os participantes desprazaranse ata o tramo urbano de Melide, cun trazado en forma de bucle e unha pasada nocturna o venres pola noite que poñerá fin á primeira etapa de competición, que terá un total de

catro tramos cronometrados. A segunda celebrarse integralmente o sábado, con catro especiais a dobre pasada (Ramil, Toques, Sobrado e Santiso) e tramos “con cambios de ritmo e zonas estreitas” que complicarán a condución. No seu conxunto o percorrido terá un total de 12 tramos cronometrados e 105 quilómetros de velocidade.

Categoría Legend

Por se foran poucas as novidades, o IV Rali de Galicia Histórico, sétima e penúltima proba puntuable para o Campionato

de España, incorpora tamén unha categoría Legend. Estará “moi limitada” en canto a número de participantes e non puntuará para a clasificación. Nela participarán vehículos dos anos 90 que non son propiamente históricos, “pero si espectaculares e cun palmarés e un caché que os fai dignos de ver e especialmente atractivos para os espectadores”, comenta Anido.

Dificultades económicas

A crise e a dificultade para obter financiamento poderían facer que esta sexa a última a última edición do Rali de Galicia Histórico. “Este ano está sendo o peor dende que empezamos”, comenta Javier Anido, “os propios organizadores estamos adiantando cartos porque non temos financiamento e as institucións apoian cada vez menos”. Á apertura económica súmase “o peso da propia organización”, que recae case exclusivamente en só dúas persoas: el mesmo e Jesús Ferreiro. “Sentímonos abandonados e estamos queimados”, sinala Anido, quen reclama máis apoio para un gran evento como é o Rali de Galicia.

O APUNTE

Cora Ayude, seleccionada para participar nun programa de tecnificación

Aínda coa actividade deportiva en punto morto con motivo das vacacións de verán, a Escuela Ayude de Melide seguiu a recibir boas noticias: unha das súas alumnas máis destacadas, Cora Ayude, foi seleccionada para recibir unha bolsa e participar no programa de tecnificación da Federación Galega de Esgrima, que comezou o 8 de agosto na cidade da Coruña. O centro melidense considera “un orgullo” poder aportar unha tiradora a este programa e confía en que lle axude “a mellorar os resultados a nivel autonómico e nacional”.

Pretempada

A propia Cora Ayude, Patricia López, Antía Vázquez e Arón Ayude, todos eles alumnos da escola melidense, participaron na concentración de pretempada que organizou o Club 100 tolos na cidade herculina. Na cita reuníronse 40 tiradores de diferentes puntos de España que durante unha semana ampliaron os seus coñecementos técnicos de man dos mellores adestradores nacionais: Carlos Zayas e Fernando Medina, varias veces olímpico.

Revista dixital

No seu propósito de seguir fomentando o deporte, a Escuela Ayude acaba de poñer en marcha a primeira revista deportiva de Melide e a súa comarca. Trátase dunha publicación dixital que, segundo a dirección do centro, informa de todas as actividades deportivas federadas “para dar a coñecer o traballo que se fai ao tempo que serve como plataforma de recoñecemento a todos os deportistas locais”.

Antas de Ulla e Santiso vencen no torneo do CIRE



O equipo “Antas de Ulla” foi o vencedor na categoría masculina

Despois dun mes de dura competición, co protocolario descanso que merecen as Festas do San Roque, o Torneo Concello de Melide organizado polo CIRE xa ten novos vencedores: na categoría masculina Senior o equipo Antas de Ulla

proclamouse campión tras derrotar ao Cafetería Solaina. A final foi moi disputada; rematou cun 2-2 no taboleiro e foi preciso desfacer o empate na rolda de penaltis, onde se impuxo o Antas de Ulla cun marcador de 3-1. Máis doada foi a



O equipo “Santiso” fíxose coa vitoria na categoría feminina

vitoria na categoría feminina, na que o Santiso se impuxo por un 8-1 ao Balley's.

Na XXXII edición do Torneo Concello de Melide de fútbol sala participaron este ano un total de 42 equipos, sumando os inscritos en todas

as categorías. A participación foi seguida nas bancadas por numeroso público, que volveu vibrar co deporte rei nas tardes de verán. Por primeira vez na historia deste torneo houbo premios en metálico para os tres primeiros clasificados.



Calzados Conva - Home
Rúa do Convento, 24



Calzados Conva - Muller
Praza do Convento, 2

melide

Os dous novos comercios de moda en calzado



INMOBILIARIA

MELIDE
DICIONES

INMOBILIARIA

Pisos
Casas
Terrenos
Alquileres

TOPOGRAFÍA

Catastro **Mediciones**
Parcelaria **Informes**
Particiones **Valoraciones**
Concesión de Aguas

Rda da Coruña, 68 Bajo Izq. - Melide (A Coruña) - Tlf. 981.93.51.08
melidemediciones@galicia.com - www.melidemediciones.com

O progreso!!

Xavier Pazo, presidente da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

Ao ler este título o lector pode pensar que pretendo facer unha ampla crítica ou valoración do que na actualidade está acontecendo no ámbito económico; coñecido como "A Crise", que tamén. Pero máis pronto que tarde o lector darase de conta que a miña intención é falar de forma incisiva desoutra crise da que case ninguén se preocupa. Cidadáns de a pé, con ideoloxías e culturas distintas, partidos políticos, deportistas... esquecen o esencial. Ese piar fundamental que conforma a verdadeira riqueza brilla pola súa ausencia. "O ecosistema" (a natureza maltratada, incendios, fumigacións masivas, contaminación...), para que todo quede claro.

Todo o mundo sabe que en tempos de modernidade o ideal é avanzar, que é o mesmo que progresar, en todos os campos nos que o precise a sociedade para mellorar o benestar de todos os cidadáns e ao mesmo tempo competir cos países do entorno. A sanidade e a formación dos cidadáns é, sen dúbida, un obxectivo prioritario no que non se pode, na medida das posibilidades, recortar presupostos. Quen os xestiona debe ter unha sensibilidade especial.

Dito isto, tampouco podemos descoidar e maltratar o noso patrimonio natural, piar fundamental dunha sociedade moderna. Bosques e ríos, monumentos históricos, teñen que ser tratados con esmero. Non podemos dicir que estas premisas se estean cumprindo na actualidade, para desventura e desencanto dos que a diario vivimos en Melide e paseamos polas rúas e camiños da nosa amada Terra de Abeancos. Sobre esta terra galega un grupo de fumigadores, pertrechados de mascarar protectoras, arrojan Glifo zato á esgalla (herbicida) polas paredes milenarias dos monumentos e camiños. Os efectos deste perigoso axente tóxico son suficientemente coñecidos: proba diso é que os obreiros actúan con máscaras.

Convén aclarar que polas rúas e polas mesmas cunetas pasea todo tipo de persoas; homes, nenos e mulleres expostos a la inhalar a citada apócema. E por suposto, tamén animais domésticos. Está demostrado que é perigoso para a muller embarazada. E para rizar o rizo, este produto estase utilizando nas marxes das estradas e a pouco que chova irá aos ríos, regatos e fontes. Abellas e troitas pa-

garano moi caro, por suposto. En cantas dimensións existe a crise neste país? Onde está a nosa comunidade científica? É bo o Glifo zato para xerar postos de traballo? Sinceramente eu creo que non.

A natureza tal como a concibía Felix Rodríguez de la Fuente (sana e limpa) é o maior recurso que ten o home. Todo o demais é accesorio e engadido. Se, cámara en man visitamos eses artiluxios chamados depuradoras, situadas lonxe do pobo e pegadiñas aos ríos, a resposta será sempre a mesma: silencio e tristeza. Persoalmente estouno vivindo (estamos). A contaminación prolifera e esténdese como un regueiro de pólvora, a pesar dos paseos cheirentos que a xente transita allea ao mal, que as augas levan sustancias perigosas, saturadas de metais pesados... Todo chegará máis pronto que tarde á capa freática, (contaminación de pozos, regatos...) e voará deica o infinito. Tampouco ignoramos que a lei feita por FÁVIO, "que o entendía todo" se estrela frontalmente contra o sentido común. E por si fora pouco é legal, segundo os nosos mandatarios. Nas estradas de Galicia calquera horta pode ser afectada en calquera intre...

Wikinomia

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático e Presidente de Melisa

Ao longo da historia as empresas estiveron organizadas seguindo unha xerarquía de autoridade. Este modelo de subordinación está dando paso a outro novo baseado na comunidade, na colaboración e na cooperación, e non na xerarquía e o control. Hoxe, millóns de traballadores utilizan a 'blogosfera' para compartir e adquirir coñecemento. Os consumidores estanse convertendo en "prosumidores" (mestura de 'produtor' e 'consumidor') ao participar na xeración de bens en lugar de limitarse a consumilos. As empresas intelixentes están fomentando o desenvolvemento de comunidades virtuais. Moitas delas naceron á beira de Internet para atraer en pouco tempo a millóns de participantes. Este novo modelo económico vai máis alá do software, a música, a edición, ou os produtos farmacéuticos e alcanza a case toda a economía global.

É certo que xorden moitos directivos que desconfían de que este modelo de colaboración poida xerar beneficios. E hai críticos que interpretan como un ataque ao modelo tradicional proxectos libres como Linux ou a Wikipedia.

Hai empresas que sofren por non saber adaptarse a este novo paradigma, por exemplo Kodak, que mantivo o seu negocio durante un século (no ano 1999 obtivo 2.500 millóns de dólares de beneficio) e sen embargo hai oito meses entrou en concurso de acredores. Pero tamén hai outras que están sacando proveito do novo modelo, coma Boeing, BMW ou Procter & Gamble.

Para triunfar non bastará con aplicar as técnicas de xestión existentes. Os líderes deben emprender novos camiños para competir e ser rendibles, e aplicar un novo xeito de colaboración denominado "wikinomia". Os cambios deben afectar á estrutura interna da organización e da forma de facer da empresa. É necesario adoptar novos principios de competitividade, como a apertura, a interacción entre iguais que permite revisar continuamente o traballo, o espírito de compartir e a actuación global.

As empresas monolíticas, autónomas e centradas en si mesmas están en vías de extinción. A nova empresa céntrase no traballo meritocrático e na implantación dun novo modelo tipo "bazar", en lugar do vello "catedral".

Camino de sirga

Xosé Núñez López

Como compañeiro de colaboración na sección de opinión do xornal Cerne, dedícolle con todo afecto este traballo ao Presidente da Asociación de Troiteiros "Río Furelos", Xavier Pazo Blanco, coidador das normas que rexen os dereitos e os deberes dos pescadores e tamén de que os nosos ríos non sexan utilizados como vertedoiros de lixo e toda clase de produtos prexudiciais para a fauna e da flora que medra nas súas augas.

Sen a máis mínima intención de dar leccións a ninguén sobre a multitude de formas de pesca e os moitos artificios que utiliza o pescador para intentar enganar as troitas e que piquen o anzol, debo confesar que eu son un pescador só en teoría, ou sexa, que

nunca fun pescador de verdade. Dáse o paradoxo de, sen ser pescador nin sequera aficionado, verme na necesidade de aprender a arte da pesca deportiva por terme dedicado durante 11 anos a vender por Galicia adiante toda clase de útiles e cebos artificiais.

A xeito de desculpa por merme nun terreo que non me corresponde, vou aclarar que, lendo a crónica de Don Xavier Pazo sobre "O dereito de paso dos pescadores", me veu á memoria a frase de "Camino de Sirga" que levaba moito tempo desaparecida da miña mente. Hai xa máis de sesenta anos que tiven a obriga de estudar leis e regulamentos sobre caza e pesca por ter formado parte dun corpo encargado de vixiar que as normas

sobre a materia fosen cumpridas. Como daquela a palabra "sirga" non me soaba de nada, quedoume acochada na mente, facéndoma recordar Xavier Pazo ao tratar do dereito de paso dos pescadores polas ribeiras dos ríos e canles.

A palabra "sirga", en náutica, é o nome dado á soga, corda ou adival que servía para tirar das embarcacións, especialmente na navegación polos ríos e canles. Comezou por chamarse "camiño de sirga" a unha rúa pública que corría a ámbalas dúas marxes dun río ou canle e pola que circulaban os cabalos, bois ou persoas que tiraban dunha embarcación de determinado calado. Ademais desta función de dereito de paso, os camiños de sirga tamén eran terras que



podían utilizarse para estender as redes e facilitar así o secado das mesmas.

O ancho dos camiños de sirga ten distintas dimensións segundo os diferentes países, pois en Arxentina son de ata 35 metros de ancho, en Uruguay son de tres a dez metros de ancho e en Francia son de 3

metros. Aínda sendo públicos, os camiños de sirga non son propiedade do Estado, ou sexa, que seguen pertencendo ao propietario da finca. Tamén as árbores que alí poidan nacer, coa única restrición de deixar o paso libre tanto aos pescadores como a outras persoas que desexen pasar por alí.

SECUNDINO RODRÍGUEZ, “COUSAS NOVAS” E “COUSAS CORUÑA”

“Decidimos asumir a suba do IVE e manter os prezos que tiñamos antes”

É o exemplo clásico do emprendedor, da persoa que fixo moitas cousas na vida ata que un día decide dar un paso adiante e embarcarse no mundo dos negocios. Para Secundino Rodríguez iso sucedeu hai 19 anos, cando abriu na Rúa Rosaleda a súa primeira tenda multiprezzo. Axiña se desfixo

das limitacións que impoñen as franquicias e comezou a voar libre. Así desenvolveu un modelo de negocio propio que resultou ter éxito e que se traduce nas dúas tendas de Melide, e outra en Monterroso, nas que hoxe inviste “todo o tempo do día e parte do da noite se llo quero dedicar”.

-Se lle pido que enumere a variedade de artigos que vende non chegaría a nada esta páxina. Case mellor lle pregunto polo que non podemos atopar en Cousas Novas...

-Secundino Rguez. (S.R.): O certo é que a día de hoxe temos máis de 16.000 artigos diferentes nos estantes da nosa tenda. Estamos autorizados a despachar de todo excepto tabaco. Algo que non vendamos? Pois bebidas e comestibles, a excepción das chucherías. Logo hai produtos que ao mellor non temos nun momento determinado pero si á semana seguinte porque estamos abertos a todo e cada certo tempo imos mercando cousas novas, nunca mellor dito (Ri). O nome da tenda é tamén a nosa filosofía; que o cliente atope cada poucos días cousas novas e distintas.

-En Melide hai moitas tendas como a súa. É demasiada competencia?

- S.R.: En realidade somos máis diferentes do que poida parecer. En Cousas Novas e en Cousas Coruña non só apostamos pola variedade, senón tamén pola calidade. É algo que levamos facendo dende o principio para desmarcarnos do concepto de negocio multiprezzo de toda a vida, o que antes eran as tendas das 100 pesetas. Traballamos con bos provedores e intentamos marcar unhas liñas de mercado distintas dende os inicios.

-Como foron eses inicios no mundo dos negocios?

- S.R.: Foron moi difíciles, iso que daquela eran outros mundos e vendíase de todo. Montamos a primeira tenda hai 19 anos, en Melide. Comezamos cunha franquicia e así estívimos durante catro anos ata



Secundino Rodríguez na sección de decoración de Cousas Novas, na segunda planta

que comezamos a facer novos contactos, coñecer xente e a expandirnos un pouco. Entón deixamos a franquicia e empezamos a mercar por libre e desenvolver o noso propio modelo de negocio.

-Un modelo de negocio que deu resultado. Onde está a clave?

- S.R.: Na variedade de artigos, na calidade e no prezo. Trátase de xogar con esas variables para ser máis competitivos. O 50% dos produtos que nós traballamos son os mesmos que se comercializan no mercado tradicional: a nivel ferretería, téxtil, decoración... pero nós rotamos moito a mercancia e compramos máis. Se en lugar de mercar 200 unidades mercas 500, pois ao mellor hai unha pequena oferta de un ou dos

céntimos por unidade que logo se traduce nun prezo máis baixo para o consumidor. Con prezos competitivos o artigo ten mellor saída.

-Os prezos axustados traen máis clientela en tempos de crise?

- S.R.: A crise non está beneficiando a ninguén. A nós o consumo baixounos como a todo o mundo. Que neste modelo de negocio se nota un pouco menos? Ao mellor non nos resentimos tanto, pero tamén nos afecta. Cada ano as vendas baixan, pasan menos clientes pola caixa e con compras máis pequenas.

-Como vai afrontar a recente suba do IVE?

- S.R.: En Cousas Novas imos asumir a suba do IVE para que non repercuta no cliente. De-

cidimos baixarlle un pouco á marxe comercial e facer que os produtos manteñan os mesmos prezos de antes. Xa levamos asumido algunha suba máis tendo en conta que a materia prima segue á alza e que compramos as cousas cada vez un pouco máis caras.

-Aplican algún tipo de rebaixas, descontos ou ofertas especiais?

- S.R.: Nunca. Mantemos os mesmos prezos durante todo o ano. É unha política comercial que levamos aplicando dende que empezamos co negocio. Por poñer un exemplo, tanto custan as flores hoxe como en plena campaña de Santos. No noso escaparate nunca houbo rebaixas nin ofertas; ao traballar con marxes comerciais tan xustas non podemos permitírnos facelas.

“Apostamos pola calidade e por levar unha liña distinta á da tenda multiprezzo de toda a vida”

“A día de hoxe temos máis de 16.000 artigos diferentes nos estantes de Cousas Novas”

-Nunha tenda multiprezzo, o cliente entra máis para mirar ou para mercar?

- S.R.: Eu diría que o 80% da clientela vén buscando algo que sabe que vai atopar. O resto entra para botar unha visual pero ao final atopa algo, o típico artigo que sempre fai falta pero que se non o ves, non te das de conta. Logo hai quen precisa axuda e quen quere andar por libre. Nós estamos sempre dispostos a atender persoalmente ao cliente, pero se prefire dar unha volta pola tenda ao seu aire, deixámolo libremente. Estamos moi contentos coa fidelidade que nos demostran os clientes ano tras ano. Quería aproveitar esta entrevista para agradecerlles en nome de todo o persoal de Cousas Novas e Cousas Coruña a confianza que depositan en nós.



Os locais de moda



na movida melidense



A Boa Viña



Pub Q máis



A Boa Viña



Pub Q máis



A Boa Viña

As festas máis concorridas e animadas do mes de agosto celebráronse en “A Boa Viña”. Noite tras noite o a mocidade gozou das propostas sempre orixinais deste local da zona dos viños. Especialmente existosas foron as noites da Feira Medieval e a Festa Beefeater 24.



Pub Q máis

O verán no Pub que máis non decepcionou! Unha completa programación de festas temáticas fixo deste local o punto de referencia da movida melidense durante o mes de agosto. Festa Barceló, Jack Daniel's, JB, Cutty Sark... Diversión garantida ata altas horas!!